



**EXTRACTO DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 26 de xuño de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/2829

Vista a proposta do Axudante Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **INTERMACO, S.L.** para o subministro de lousas de pedra para a reparación da explanada traseira situada no exterior do Auditorio Municipal cara a Rúa Elpidio Villaverde, por un importe total de 971,74 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.201.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2831

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Maria Jesús Ferreira Castaño**, solicitando autorización para celebrar un festival de fin de curso (Escola Coda) na Rúa Aquilino Iglesias Alvariño o día 29 de xuño de 2017, a partir das 20:30 horas, así como a colaboración municipal coa cesión de un escenario con iluminación e 200 cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 26 de xuño de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 19/06/2017, que se aprobou por unanimidade.



PRP2017/2832

Vista a proposta do Departamento de Contratación e Patrimonio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Teleservicio Instalaciones de Oficina, S.L.**, para o subministro dunha cadeira para reposición no Departamento de Contratación, por un importe total de 278,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2833

Dáse conta de escrito remitido por D. Miguel Angel González, dando conta da constitución da Asociación denominada "**Asociación de Perjudicados del Banco Popular**", cuxo obxecto é a defensa dos intereses dos seus membros fronte ás actuacións de dubidosa legalidade do Banco Popular, no que indican que como consecuencia dun contrato suscrito polo Banco Popular e a anterior Administración Concursal de Promociones Inmobiliarias del Pisuerga, S.A., se renunciou por esta, ao exercicio de accións de reintegración destinadas a conseguir a nulidade das garantías obtidas pola entidade bancaria de maneira contraria á legalidade. Isto se fixo a cambio de 1.000.000 € e consolidaría ao Banco Popular como acreedor privilexiado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e dado que a Entidade PROINSA é á empresa concesionaria do Parking de Xoán XXIII acórdase dar conta do Letrado Asesor da Corporación Municipal D. Pedro Palomino Barba aos efectos oportunos e coa finalidade de que se procede, se exerzan as accións legais oportunas.

PRP2017/2834

Dáse conta do escrito presentado por **Asociación Deportiva Cultural EncestaRías**, solicitando autorización para celebración da Xornada Final da Master Senior League, ano 2017, o día 1 de xullo, en horario de 10:00 a 14:00 horas na Praza de Galicia, así como a cesión dunha canastra de baloncesto e cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2017/2731

Vista a proposta Do Xefe de Mercados, de nomeamento dun subalterno con carné para o Servizo de Mercados para cubrir as vacacións de verán dos empregados do citado Servizo, e visto o informe do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda



nomear un/ha operario/a da bolsa de subalternos con carné, a tempo completo como funcionario/a interino/a, durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2017 para substitución do persoal de mercados, durante as vacacións regulamentarias.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/2852

Dáse conta da firma do convenio para a concesión dunha subvención nominativa a “**Asociación Galega de Linfedema**” por un importe de 1.000,00 € con cargo á partida 231.48002, para o desenvolvemento de actuacións e intervencións encamiñadas á sensibilización en relación á enfermidade de linfedema durante o ano 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2853

Dáse conta da firma do convenio para a concesión dunha subvención nominativa a “**Amencer-Aspace (Princesa Letizia)**” por un importe de 1.500,00 € con cargo á partida 231.48002, para o desenvolvemento de actuacións actividades realizadas dende o centro destinadas a persoas en situación de discapacidade durante o ano 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2854

Dáse conta do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017) da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2017. Ó seu abeiro a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Fundación Secretariado Gitano por importe de 15.000,00€, en relación ao proxecto presentado á deputación provincial para:

- Programa SARSALE cun orzamento total de 15.000,00 €:

- Contía concedida: 14.000,00 €
- Aportación Municipal: 1.250,00 €”

Con cargo á partida 231-22643.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/2859

Vista a proposta do Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da empresa **Kilovatio Galicia S.A.U.** por importe de 667,51€ con cargo á partida 320-213, para a reposición das luces de emerxencia do Colexio de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa.

Sanidade

PRP2017/2856

Visto o escrito de **D. Nelson Vázquez Castro**, titular da licenza de Auto-Taxi nº 1, e vistos os informes obrantes no expediente, acórdase concederlle a renovación do permiso municipal de condutor por un prazo de dez anos, de conformidade co establecido no Artº 31 do Regulamento Municipal de servizos urbanos e transportes en automóviles lixeiros.



ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2017/2864

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases do Campamento Medioambiental, dirixido a mozos e mozas de 12 a 16 anos e que se levará a cabo do 31 de xullo ao 11 de agosto (de luns a venres).

Normalización Lingüística

PRP2017/2865

Dáse conta de comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra, de concesión de subvención, por importe de 7.799,79 €, para “Creación ou mantemento do Servizo de Normalización Lingüística”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2017/2861

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Francisco Padín Silva (MADECO)**, para subministro dunha desbrozadora por un importe total de 800,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.213, para reposición no Servizo de Medio Ambiente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2862

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Lapsset España VR, S.L.** para subministro dun xogo para reposición do instalado no piñeiral da Praia da Concha, por un importe total de 2.288,11 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/2863

Vista a proposta da Concellería de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a acción de rúa “Posiciónate co(n) orgullo” o día 9 de xullo de 2017, posta en escena por Dona Maite Cambeiro Insua e Dona Mar Fernández Cendón, por un importe total de 542,00 € (271,00 € cada unha), con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Dar conta á Policía Local.



ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/2866

Vista a proposta da Concellería de Cultura en relación coa programación do mes de xullo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización dun Festival Folc, o día 29 de xullo de 2017, no Castro Aobre, dado que é un dos sitios arqueolóxicos máis emblemáticos, por un importe total de 10.096,00 €, de conformidade co orzamento presentado pola **Asociación Pésebarro**, con cargo á partida 334.22609, coa actuación de distintos grupos, realización de obradoiros e un xantar, de carácter gratuito para o público asistente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2867

Dáse conta do escrito presentado por D. José Martín Ventoso Portas, en representación da **Comisión de Festas Santa María de Guillán**, no que indica que por erro se solicitou a colaboración municipal para a contratación polo Concello dunha actuación para o día 9 de outubro de 2017, sendo a data correcta o día 9 de setembro de 2017.

En sesión de data 15 de maio de 2017 acordouse a colaboración municipal para o día 9 de outubro de 2017, coa actuación da Asociación Cultural a Fonte Fría – Grupo de Baile Embruxo, por un importe de 225,00 €.

A Xunta de Goberno Local acorda a modificación do citado acordo, co cambio de data do 9 de outubro ao 9 de setembro de 2017 e mantendo o resto do acordo nos mesmos termos.

PRP2017/2868

Dáse conta da aprobación do Convenio para a concesión directa de subvencións públicas coa **Asociación Curtas Film Fest**, por un importe de 17.000,00 €, con cargo á partida 334.489, que ten por obxecto subvencionar a 45 edición do Certame Internacional de Cine, que terá lugar do 23 ao 29 de outubro de 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/2870

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto denominado “Mellora dos Camiños rurais de Vilagarcía de Arousa: Rúa da Coviña e Rúa Casal-Bamio”, redactado polo Enxeñeiro Técnico D. Óscar Álvarez González, cun orzamento (IVE excluído) de 47.551,30 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 9.985,77 €, o que totaliza un importe de licitación de 57.537,07 € (IVE engadido).

2.- Solicitar o seu financiamento con cargo ao Plan de mellora de camiños rurais 2017-2018, convocado polo AGADER, por importe de 47.551,30 €, que corresponde ao orzamento do proxecto (IVE excluído), ao non ser a contía deste imposto subvencionable de conformidade coas bases deste Plan.

Proxecto (2) nº 03/23/16A. Partida orzamentaria 454.63200.

PRP2017/1250



A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a memoria descritiva “Ruta dos Cruceiros”: colocación de cartelería, para a posta en valor dos cruceiros de Vilagarcía de Arousa, redactada polo Arquitecto Municipal e cun orzamento de 16.995,05 €.

- Auséntase o Sr. Alcalde, pasando a presidir a sesión Dona Tania García Sanmartín.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2017/2907

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.800,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de maio de 2017, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 1.200,00 €€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.